25n 2026 Día internacional da eliminación das violencias contra as mulleres



Propostas didácticas

PARA TRABALLAR NAS AULAS
DE **PRIMARIA** O 25N

(CO)educando á par que (DE)construíndo

as.pg
ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA

CIG
Confederación Intersindical Galega
ENSINO

Edita: Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) e CIG-Ensino.

Autora: LAURA VEIGA. Xornalista, sexóloga e divulgadora

Permítese a reprodución parcial ou total dos contidos desta publicación sempre e cando se realice sen ánimo de lucro e se cite a súa procedencia e autoría.

Imaxes cuberta: Freepik.com

Xustificación

Segundo o recollido no informe *Intensificación dos esforzos para eliminar todas as formas de violencia contra as mulleres e as nenas: violencia contra as mulleres e as nenas facilitada pola tecnoloxía* da ONU, a violencia contra as mulleres e as nenas continúa sendo un dos problemas de dereitos humanos máis prevalentes do mundo. Esta ten graves consecuencias para a saúde e a vida das mulleres e das nenas, as familias, as comunidades e a sociedade no seu conxunto. Ademais, os rápidos cambios tecnolóxicos continúan xerando novos riscos no que respecta á violencia contra mulleres e nenas.

En concreto, en Galicia, só durante 2024,

> rexistráronse 7.602 denuncias por violencia de xénero [...] A cifra total implica que, de media, os xulgados de violencia contra a muller reciben cada día 21 denuncias por violencia de xénero, case unha denuncia cada hora.

tal e como recollía o diario *Praza* en 2025. Ademais

> en 2024, cinco mulleres foron asasinadas en Galicia polas súas parellas ou ex-parellas.

O 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, ofrece unha oportunidade educativa para traballar a prevención da violencia dende aprendizaxes adaptadas á idade á que se dirixen: coidado, respecto, autonomía, resolución pacífica dos conflitos, igualdade, pensamento crítico e un uso responsable das contornas dixitais. Isto concorda coa Declaración sobre a eliminación da violencia contra as mulleres, aprobada pola ONU o 20 de decembro de 1993, onde se recolle a obriga dos estados a condenar a violencia contra as mulleres, así como de aplicar unha política encamiñada a eliminala. Con este fin, deberán

> adoptar todas as medidas apropiadas, especialmente no sector da educación, para modificar as pautas sociais e culturais de comportamento dos homes e das mulleres e eliminar os prexuízos e as prácticas consuetudinarias ou doutra índole baseadas na idea da inferioridade ou a superioridade dun dos sexos e na atribución de papeis estereotipados aos homes e ás mulleres.

O Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, incorpora expresamente entre as prioridades do sistema educativo galego a igualdade de xénero mediante a coeducación, a prevención da violencia de xénero e o respecto á diversidade afectivo-sexual. Ademais disto, esta guía tamén permite traballar a comprensión lectora, comunicación oral, pensamento crítico, educación en valores e competencia dixital.

Metodoloxía

Esta unidade didáctica, dirixida ás aulas de Educación Primaria, parte dun enfoque preventivo, participativo e baseado nos dereitos da infancia. A prevención da violencia trabállase mediante o desenvolvemento do pensamento crítico, a educación emocional, a resolución pacífica dos conflitos, a identificación de situacións de desigualdade e o fortalecemento das habilidades de comunicación e convivencia.

A metodoloxía será activa e baseada na investigación guiada, partindo de situacións próximas á realidade do alumnado: as relacións de amizade, os grupos de iguais, os espazos escolares, os medios de comunicación, os videoxogos e outras contornas dixitais. Empregaranse dinámicas de análise de casos, traballo cooperativo, debate, aprendizaxe baseada en problemas e produción de materiais de sensibilización.

A proposta fomenta que o alumnado non reciba respostas pechadas, senón que aprenda a formular preguntas, contrastar información, identificar diferentes perspectivas e construír conclusións fundamentadas. O papel do profesorado será principalmente o de guía e facilitador do proceso de reflexión.

A avaliación realizarase mediante unha observación cualitativa: distingue feitos de interpretacións; recoñece presión, control ou vulneración de límites; propón respostas non violentas e vías de axuda; argumenta usando evidencias do caso; escoita e reformula posicións diferentes sen ridiculizalas. As respostas poderán darse oralmente, por escrito, mediante representacións gráficas, esquemas, producións audiovisuais ou presentacións breves.

Ademais, poden utilizarse diferentes adaptacións:

- **1º e 2º de primaria**: empregar casos sinxelos, con apoio visual e linguaxe clara. Priorizar o traballo sobre emocións, respecto, igualdade e resolución pacífica de conflitos mediante contos, ilustracións e dinámicas manipulativas.
- **3º e 4º de primaria**: introducir situacións máis complexas relacionadas coa presión do grupo, os estereotipos de xénero, a exclusión social e os primeiros usos das tecnoloxías. Favorecer a argumentación oral e o debate guiado.
- **5º e 6º de primaria**: incorporar o pensamento crítico sobre os medios de comunicación, as redes sociais, a publicidade, os estereotipos e as formas de violencia simbólica ou dixital. Promover a análise de evidencias e a elaboración de propostas de mellora.

- **Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo**: empregar materiais adaptados de lectura fácil, pictogramas, organizadores visuais, guías de pasos, exemplos concretos... Permitir diferentes formas de participación e expresión, así como sistemas aumentativos ou alternativos de comunicación cando sexa necesario. Ademais, no caso de alumnado autista pode ser útil anticipar as actividades, estruturar claramente as tarefas e ofrecer modelos explícitos de participación. No que respecta ao alumnado con altas capacidades, poden propoñerse investigacións complementarias e elaboración de campañas ou propostas de sensibilización para o centro.

Obxectivos xerais

- Diferenciar feitos, interpretacións e rumores
- Identificar información relevante
- Desenvolver capacidades de observación e análise
- Detectar dinámicas de exclusión, presión ou desigualdade
- Analizar consecuencias emocionais e sociais
- Propoñer alternativas de actuación ante os conflitos
- Argumentar opinións utilizando evidencias
- Construír acordos colectivos
- Formular compromisos de mellora
- Identificar estereotipos de xénero
- Analizar representacións presentes na publicidade e nos medios de comunicación
- Promover referentes diversos

Actividades

Proposta principal: EXPEDIENTE 25N

Duración: 3 sesións de 50 minutos

Idea central: o alumnado recibe un expediente sobre unha situación de violencia ficticia nunha aula e debe reconstruír o que aconteceu. A información aparece fragmentada en diferentes documentos e deberán reconstruír o sucedido distinguindo entre feitos, interpretacións e suposicións.

Exemplo 1

Documento A: CAPTURA FICTICIA DE MENSAXES

Grupo: A nosa clase

Marcos: «Temos que decidir quen presenta o traballo»

Alba: «A min gustaríame facelo»

Diego: «Mellor un rapaz, que fala máis alto»

Iria: «Por que?»

Diego: «Porque as nenas poñédesvos nerviosas»

Xoán: «Eu creo que Alba o fai ben»

Diego: «Dá igual, xa o facemos Marcos e eu»

Documento B: TESTEMUÑO DE ALBA

«Eu tiña ganas de participar. Cando vin as mensaxes xa parecera que estaba decidido. Non dixen nada máis»

Documento C: TESTEMUÑO DE XOÁN

«Non me pareceu xusto, pero tampouco quería discutir»

Exemplo 2

Documento A: CONVERSA ESCOITADA NO PATIO

«Din que Sara manda moito»

«Oín que quere ser sempre a xefa»

«Eu non o vin, pero contáronmo»

Documento B: TESTEMUÑO DE SARA

«Levo varios días soa nos xogos. Non sei ben por que»

Documento C: TESTEMUÑO DUNHA COMPAÑEIRA

«Moita xente repite cousas, pero ninguén falou directamente con ela»

SESIÓN 1: Que sabemos?

Obxectivos específicos

- Diferenciar feitos, interpretacións e rumores
- Identificar información relevante
- Desenvolver capacidades de observación e análise

Desenvolvemento

1. Presentación do expediente

Cada grupo recibe unha carpeta que contén mensaxes ficticias, testemuños breves, debuxos ou capturas simuladas, descricións de situacións observadas. Esta información está descrita no exemplo recollido arriba.

2. Clasificación da información

Os equipos deben organizar a información en tres categorías: feitos comprobables, opinións e información insuficiente ou dubidosa.

3. Posta en común

Cada grupo presenta as súas conclusións e explícase a importancia de non sacar conclusións precipitadas.

SESIÓN 2: Mesa de investigación

Obxectivos específicos

- Detectar dinámicas de exclusión, presión ou desigualdade
- Analizar consecuencias emocionais e sociais
- Propoñer alternativas de actuación ante os conflitos

Desenvolvemento

1. Análise dos personaxes

Os grupos analizan que persoas participan das mensaxes e feitos, como poden sentirse, que necesidades teñen, que accións poderían mellorar a situación.

2. Mesa redonda

Cada grupo expón as súas hipóteses e debate sobre que comportamentos resultan respectuosos, que comportamentos poden causar dano e como actuarían se observasen unha situación semellante.

3. Rexistro de propostas

Elabórase colectivamente unha lista de boas prácticas para a convivencia.

SESIÓN 3: A decisión

Obxectivos específicos

- Argumentar opinións utilizando evidencias
- Construír acordos colectivos
- Formular compromisos de mellora

Desenvolvemento

1. Resolución do caso

Cada grupo redacta unha proposta de resolución baseada nas evidencias dispoñibles

2. Debate final

Compáranse distintas solucións e discútese cal promove mellor o respecto, a igualdade e a reparación do dano

3. Manifesto do bo trato

Como produto final, a clase elabora un manifesto ou decálogo da convivencia respectuosa que permanecerá visible na aula.

Propostas complementarias

1. Detectives de estereotipos

Duración: 50 minutos

Obxectivos específicos

- Identificar estereotipos de xénero
- Analizar representacións presentes na publicidade e nos medios de comunicación
- Promover referentes diversos

O alumnado analiza anuncios, catálogos, xoguetes ou fragmentos audiovisuais adaptados á idade e responde preguntar como quen aparece representado, que actividades realiza, hai tarefas máis asociadas a nenos ou a nenas, poderían realizalas todas as persoas... Como produto final poden elaborar unha versión alternativa máis igualitaria. Recoméndase seleccionar anuncios, catálogos ou imaxes actuais e adaptadas á idade do alumnado. O obxectivo non é sinalar marcas concretas, senón desenvolver a capacidade de analizar criticamente as representacións presentes na publicidade e nos medios de comunicación, identificando tanto estereotipos como exemplos positivos de diversidade e igualdade.

Exemplo 1. Catálogos de xoguetes de Nadal

Analízanse páxinas de catálogos comerciais onde aparecen seccións diferenciadas por tipos de xoguetes.

Preguntas orientadoras:

- Quen aparece xogando coas cociñas, bebés ou xogos de coidado?
- Quen aparece cos coches, robots ou circuítos?As cores utilizadas son diferentes segundo o tipo de xoguete?
- Poderían todas as persoas xogar con eses xoguetes?

Exemplo 2. Anuncios de disfraces infantís

Obsérvanse imaxes de disfraces en tendas físicas ou en liña.

Preguntas orientadoras:

- Que profesións aparecen asociadas a nenos?
- Que profesións aparecen asociadas a nenas?
- Hai representación de científicas, deportistas, bombeiras ou pilotos?
- Como poderiamos facer o catálogo máis diverso?

Exemplo 3. Publicidade de material deportivo

Analízanse anuncios ou fotografías promocionais de roupa e material deportivo.

Preguntas orientadoras:

- Que deportes practican os nenos?
- Que deportes practican as nenas?
- Aparecen ambos grupos realizando actividades similares?
- Hai algún deporte que pareza reservado para un sexo determinado?

2. Mensaxes que constrúen

Duración: 50 minutos

Obxectivos específicos

- Reflexionar sobre o impacto das palabras
- Practicar a comunicación respectuosa
- Fomentar o apoio entre iguais

Repártense diferentes situacións habituais da vida escolar. O alumnado deberá transformar comentarios negativos, burlas ou críticas destrutivas en mensaxes de apoio, axuda ou comunicación asertivo. Posteriormente pode crearse un mural colectivo de frases para a convivencia positiva.

SITUACIÓN 1. Un compañeiro equivócase lendo en voz alta

COMENTARIO INICIAL: «Les fatal, nunca o fas ben»

POSIBLE TRANSFORMACIÓN: «Non pasa nada por equivocarse. Se queres, podes volver intentalo e axudámoste»

SITUACIÓN 2. Unha alumna obtén un resultado peor do esperado nun exame

COMENTARIO INICIAL: «Suspendiches porque non sabes»

POSIBLE TRANSFORMACIÓN: «Ás veces as cousas non saen como esperamos. Seguro que podes mellorar practicando e esforzándote»

SITUACIÓN 3. Un neno non consegue rematar unha actividade deportiva

COMENTARIO INICIAL: «Es moi malo xogando»

POSIBLE TRANSFORMACIÓN: «Cada persoa aprende ao seu ritmo. O importante é seguir intentando e pasalo ben»

SITUACIÓN 4. Unha compañeira leva unha roupa diferente á maioría

COMENTARIO INICIAL: «Que roupa máis rara levas»

POSIBLE TRANSFORMACIÓN: «Todas as persoas temos gustos distintos e iso fai que cadaquén sexa especial»

SITUACIÓN 5. Un alumno esquece parte do material escolar

COMENTARIO INICIAL: «Sempre estás despistado»

POSIBLE TRANSFORMACIÓN: «Hoxe esquecéchelo. Podemos pensar xuntos algunha forma de lembralo a próxima vez»

SITUACIÓN 6. Unha nena expresa interese por participar nun deporte tradicionalmente asociado aos nenos

COMENTARIO INICIAL: «Ese deporte é para nenos»

POSIBLE TRANSFORMACIÓN: «Calquera persoa pode practicar o deporte que máis lle guste»

SITUACIÓN 7. Un compañeiro comparte unha afección pouco común no grupo

COMENTARIO INICIAL: «Iso é moi raro»

POSIBLE TRANSFORMACIÓN: «Cada persoa ten afeccións diferentes e todas merecen respecto»

SITUACIÓN 8. Durante un traballo en grupo, unha compañeira propón unha idea

COMENTARIO INICIAL: «A túa idea non serve»

POSIBLE TRANSFORMACIÓN: «Escoitemos todas as propostas antes de decidir. Quizais poidamos combinar varias ideas»

Bibliografía

DOG, "DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (2022).

Organización de las Naciones Unidas, «Declaration on the Elimination of Violence against Women» (1993).

Organización de las Naciones Unidas, «Intensification of efforts to eliminate all forms of violence against women and girls: technology-facilitated violence against women and girls» (2024).

Praza.gal. «7.602 denuncias por violencia de xénero, novo máximo anual en Galicia, 21 por día» (2025).

Portal de Igualdade da Xunta de Galicia.

Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia.

Portal Educativo da Consellería de Educación (EduXunta).

Instituto da Muller.

Recursos

Libros

O mapa da túa sexualidade, de Laura Veiga (Xerais, 2026)

As mulleres e os homes, de Equipo Plantel (Catro Ventos Editora, 2018)

Cuentos de buenas noches para niñas rebeldes: 100 historias de mujeres extraordinarias, de Elena Favilli e Francesca Cavallo (Destino, 2013)

Emilia Pardo Bazán. Unha mente poderosa, de María Canosa (Editorial Bululú, 2021)

Maruja Mallo. Enigmaticamente única, de María Canosa (Editorial Bululú, 2023)

O diario violeta de Carlota, de Gemma Lienas (Galaxia, 2011)

Series

Steven Universe (Cartoon Network, 2013)

Hilda (Silvergate Media e Mercury Filmworks, 2018)

She-Ra y las princesas del poder (DreamWorks Animation Television, 2018)

Avatar: La leyenda de Aang (Nickelodeon Animation Studio, 2005)

Curtametraxes

Pulr (Pixar Animation Studios, 2019)

Hair Love (Sony Pictures Animation, 2019)


as.pg
ASOCIACIÓN
SOCIO-PEDAGÓXICA
GALEGA


CIG
Confederación Intersindical Galega
ENSINO